

IES AS TELLEIRAS – MATERIAS PENDENTES PRESENTACIÓN DA MATERIA

Materia	Lingua Castelá e Literatura	Páx.	1
Curso	3º ESO		
Profesoras responsables	Carmen Lamas Montero		

CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)

1º EXAME

- A comunicación. Elementos da comunicación. Funcións da linguaxe.
- Tipoloxía textual. As modalidades do discurso: descrición, narración, diálogo, exposición e argumentación. Comprensión de textos de diferentes tipoloxías.
- Gramática: A estrutura das palabras. Mecanismos de creación de novas palabras. As clases de palabras. Clases de sintagmas.
- Ortografía: acentuación de ditongos e hiatos. O til diacrítico.
- Literatura: A literatura medieval

2º EXAME

- Os textos periodísticos e publicitarios.
 - Gramática: O verbo e as perífrases verbais. O adverbio. A oración simple. Os complementos do verbo. Clasificación da oración.
- Ortografía: Grafías dubidasas b/v, h, g/j . Signos de puntuación
- Relacións de significado
 - Literatura: A literatura renacentista. *Lazarillo de Tormes*. Cervantes, *El Quijote*. A literatura do Barroco

PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN

A) INSTRUMENTOS:

FICHAS	40%
EXAME	60%

B) CRITERIOS:

Fichas:

Semanalmente o/a profesor/a que imparte clase en 4º ESO entregará fichas coa teoría básica e actividades sobre ela. Unha vez feitas e entregadas, o/a profesor/a devolveraa, corrixidas, explicando os erros cometidos. Avaliarase este traballo sobre 4 puntos.

Exames:

Ao longo do curso deberán facer dous exames que puntuarán sobre 6. Nos exames entrará unha parte teórica e unha parte práctica seguindo o modelo das fichas.

Para aprobar a materia por parciais é necesario acadar unha nota igual ou superior a 5 despois de sumar a nota do traballo semanal (fichas) e a nota do exame.

De non ser así, terán que presentarse a un **exame final** de toda a materia que se puntuará sobre 10. Para aprobar é necesario acadar unha nota igual ou superior a 5.

A nota final da materia para os que teñan que ir ao exame final será a máis alta: ben a nota media dos parciais ou ben a nota do exame final.

O alumnado que non consiga o aprobado mediante este procedemento terá dereito a unha proba de recuperación na que entrarán todos os contidos do curso. Para aprobar a materia será imprescindible sacar unha nota igual ou superior a 4,5.